


CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2024



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2024

— CAPÍTULO 11 —

A REGULACIÓN DE EMPREGO E O FONDO DE GARANTÍA SALARIAL



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

EDITA: Consello Galego de Relacións
Laborais (CGRL)
Algalia de Abaixo, 24
Tel.: 981 541 601
Santiago de Compostela
ISSN: 2386-2866

MARTA PUEBLA VILARIÑO

XEFA DE SECCIÓN DE PRESTACIÓNS DA DIRECCIÓN PROVINCIAL
DO SEPE DA CORUÑA

11.1. A REGULACIÓN DE EMPREGO

- CADRO 11.1. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN E REDUCCIÓN DE XORNADA E POR CAUSA ALEGADA. ESPAÑA. 2023-2024
- CADRO 11.2. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCCIÓN DE XORNADA. GALICIA. 2024
- CADRO 11.3. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCCIÓN DE XORNADA. GALICIA. 2024
- CADRO 11.4. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCCIÓN DE XORNADA. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2024
- CADRO 11.5. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCCIÓN DE XORNADA, POR SECCIÓN DE ACTIVIDADE ECONÓMICA. ESPAÑA. 2023/2024
- CADRO 11.6. PERSOAS TRABALLADORAS AFECTADAS POR DESPEDIMENTOS COLECTIVOS, SUSPENSIÓN DE CONTRATO E REDUCCIÓN DE XORNADA, POR SECCIÓN DE ACTIVIDADE ECONÓMICA. GALICIA. 2024
- CADRO 11.7. TAXA DE COBERTURA DE PRESTACIÓNS DE DESEMPREGO. ESPAÑA/GALICIA. 2024. EN PORCENTAXE

11.2. FOGASA

- CADRO 11.8. PERSOAS AFECTADAS POR RESOLUCIÓNS DO FOGASA. GALICIA. 2024
- CADRO 11.9. IMPORTE DOS SALARIOS ACORDADOS SEGUNDO SEXO. POR PROVINCIA. ESPAÑA/GALICIA. 2024
- CADRO 11.10. IMPORTE DAS INDEMNIZACIÓNS. ESPAÑA/GALICIA. 2024
- CADRO 11.11. IMPORTE DOS SALARIOS SEGUNDO O MOTIVO. ESPAÑA/GALICIA. 2024
- CADRO 11.12. IMPORTE DAS INDEMNIZACIÓNS POR MOTIVO DA SOLICITUDE. POR PROVINCIAS. 2024

CAPÍTULO 11. A REGULACIÓN DE EMPREGO E O FONDO DE GARANTÍA SALARIAL

11.1. A regulación de emprego

Neste apartado analizaranse os expedientes de regulación de emprego tramitados e as persoas traballadoras afectadas cos datos facilitados polo Ministerio de Traballo e Economía Social.

O Estatuto dos traballadores nos seus artigos 47 e 51 regula os despedimentos colectivos, suspensións do contrato ou reducións de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción ou derivados de forza maior.

No caso dos procedementos de extinción colectiva de contratos por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción por decisión da empresa, unha vez finalizado o período de consultas, con acordo ou sen el, a empresa poderá notificar os despedimentos de maneira individual ás persoas afectadas.

Aínda que non é necesaria autorización administrativa previa, si é necesaria a comunicación á autoridade laboral e o período de consultas.

Enténdese por redución de xornada a diminución temporal de entre un 10% e un 70% da xornada computada sobre a base dunha xornada diaria, con independencia do número de persoas traballadoras da empresa e do número de persoas afectadas, sempre que sexa por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.

Igualmente o contrato de traballo poderá extinguirse, suspenderse ou reducir a súa xornada por causas de forza maior.

A existencia de forza maior que motive a extinción, suspensión ou redución de xornada, debe ser constatada pola autoridade laboral calquera que sexa o número de persoas afectadas.

Denomínanse procedementos pactados aqueles nos que se alcanza un acordo entre empresa e representantes legais. Os procedementos sen período de consultas son aqueles que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.

Tamén e de destacar o Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, polo que se reforma o Estatuto dos traballadores no seu art. 47 dos expedientes de regulación do emprego de causas económicas, técnicas, organizativas e de produción e os expedientes de forza maior.

Este mecanismo quedou regulado no apartado sete do artigo 3º do Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro. Co acordo do Consello de Ministros do 29 de marzo 2022 declárase a activación do mecanismo RED de Flexibilidade e Estabilización do emprego de conformidade co artigo 47 bis do Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, para o sector das axencias de viaxes. Finalizado aquel, non está ningún en vigor en 2024 en Galicia.

No ano 2024 a nivel estatal víronse afectadas por procedementos de regulación de emprego 189.203 persoas, dos que o 19,7% eran de forza maior e o 80,3% por causas económicas, técnicas, organizativas e de produción, sendo esta última a que concentra o maior número de persoas cun 45%.

O máis destacado é o aumento de persoas afectadas en 8.064 mas que en 2023, tras a gran subida dos anos 2020 e 2021, en 2022 e 2023 iníciase o descenso, pero no 2024 dáse unha leve subida.

O aumento dáse tanto en expedientes de suspensión/redución de xornada coma en despedimentos colectivos.

Cadro 11.1

Persoas traballadoras afectadas por despedimentos colectivos, suspensión e redución de xornada e por causa alegada. España. 2023-2024

	Valores absolutos		Variación sobre ano anterior
	2023	2024	
Persoas traballadoras	181.139	189.203	8.064
Despedimentos colectivos	36.505	37.372	867
Suspensión/redución	144.634	151.831	7.197
Causas			
Forza maior	12.941	37.255	24.314
Outras*	92.024	151.948	16.250
Con acordo	137.544	134.124	-3.240
Sen acordo	17.490	49.426	31.936
Non consta	26.105	5.653	-20.452

(*) No ano 2024 o maior número de "outras causas" acadaron nas causas de produción co 45%.

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Facendo unha análise dos tipos de medida, apréciase que son as suspensións de contratos as que teñen maior número de persoas afectadas, seguidas das despedimentos colectivos. Se nos fixamos nas provincias é Pontevedra a que ten máis persoas afectadas, seguida da Coruña, e a que menos ten é Lugo.

Cadro 11.2
Persoas traballadoras afectadas por despedimentos colectivos, suspensión de contrato e redución de xornada. Galicia. 2024.

	Despedimentos colectivos	Suspensión de contrato	Redución de xornada	Total acumulado
A Coruña	667	923	152	1.742
Lugo	92	32	7	131
Ourense	87	877	24	988
Pontevedra	790	6.178	138	7.106
Galicia	1.636	8.010	321	9.967

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Trabajo e Economía Social.

No cadro 11.3 podemos ver o total acumulado de xaneiro a decembro en Galicia e comparalo co mesmo período do ano anterior. Destaca a redución en 4.885 persoas. O que supón un 32.9% menos en termos globais. Se facemos a análise polo tipo de expediente, vemos que a redución dáse tanto nos expedientes de suspensión coma redución de xornada, pero aumentan nos despedimentos colectivos un 18,7%.

Cadro 11.3
Persoas traballadoras afectadas por despedimentos colectivos, suspensión de contrato e redución de xornada. Galicia. 2024

	Valores Absolutos	Variación Ano anterior
Despedimentos colectivos	1.636	258
Suspensión de contratos/redución de xornada	8.333	-5.143
Total	9.969	-4.885

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Comparando as distintas CC. AA. vese que Principado de Asturias , Cataluña e Aragón as que máis redución tiveron. Entre as que experimentaron unha subida destacan Comunidade Valenciana y Estremadura.

Cadro 11.4

Persoas traballadoras afectadas por despedimentos colectivos, suspensión de contrato e redución de xornada. Por comunidades autónomas. 2024

	TOTAL	Despedimentos colectivos	Suspensión de contrato	Redución de xornada
Total	189.203	37.372	143.089	8.742
Andalucía	14.614	3.739	9.279	1.596
Aragón	6.086	1.294	4.641	151
Asturias	2.045	521	1.463	61
Baleares	1.754	630	1.096	28
Canarias	2.967	1.457	1.436	74
Cantabria	4.051	292	3.587	172
Castela-A Mancha	2.183	753	1.198	232
Castela e León	9.383	925	8.302	156
Cataluña	19.062	8.220	8.861	1.981
Comunidade Valenciana	63.889	4.761	57.432	1.696
Estremadura	1.794	295	1.419	80
Galicia	9.967	1.636	8.010	321
Madrid	18.013	10.169	7.028	816
Murcia	1.809	807	430	572
Navarra	18.525	469	17.826	230
País Vasco	12.241	1.306	10.421	514
A Rioxa	732	73	597	62
Ceuta	27	14	13	
Melilla	61	11	50	

Datos provisionais.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

Os expedientes segundo o sector de actividade e a medida adoptada, a nivel estatal quedan reflectidos no cadro 11.5, no que se confirma a tendencia á baixa en o sector agrario e en industria, subindo en construción e sector servizos.

Analizando o tipo de ERE, a redución prodúcese tanto en suspensión coma redución de xornada no sector agrario pero sube en construción e servizos. A medida de despedimento colectivo diminúe solo en sector servizos, subindo no sectores de industria e construción, pero mantense igual no agrario.

A REGULACIÓN DE EMPREGO E O FONDO DE GARANTÍA SALARIAL

Cadro 11.5

Persoas traballadoras afectadas por despedimentos colectivos, suspensión de contrato e redución de xornada, por sección de actividade económica. España. 2023/2024

SECTORES	Despedimentos colectivos		Suspensión de contrato		Redución de xornada		Total	
	2023	2024	2023	2024	2023	2024	2023	2024
Agrario	483	483	1.325	1.108	140	99	1.948	1.690
Industria	7.455	8.651	109.897	99.647	5.021	5.538	122.373	113.836
Construción	1.893	1.972	1.330	2.071	98	170	3.321	4.213
Servizos	26.674	26.266	23.166	40.263	3.657	2.935	53.497	69.464
Total	36.505	37.372	135.718	143.089	8.916	8.742	181.139	189.203

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social. Datos provisionais.

Unha análise máis detallada das seccións de actividade económica mostra que construción e transporte e almacenamento son das seccións máis afectadas polo descenso de persoas e comercio a que máis sube.

En termos absolutos, no 2024 foron as seccións de industrias manufactureiras, e transporte e almacenamento, as que concentraron máis persoas traballadoras afectadas polos ERE.

Cadro 11.6. Persoas traballadoras afectadas por despedimentos colectivos, suspensión de contrato e redución de xornada, por sección de actividade económica. Galicia. 2024

SECCIÓN	TOTAL
SECCIÓN TOTAL	9.967
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	223
Industrias extractivas	32
Industria manufactureira	6.893
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	
Construción	218
Subministración de auga, saneamento, xestión de residuos	
Comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos a motor	379
Transporte e almacenamento	745
Hostalaría	194
Información e comunicacións	400
Actividades financeiras e de seguros	
Actividades inmobiliarias	1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	27
Actividades administrativas e servizos auxiliares	579
Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	
Educación	8
Actividades sanitarias e de servizos sociais	86
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	16
Outros servizos	166
Actividades fogares empregadores persoal doméstico, produtores de bens e servizos	
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social. Datos provisionais.

Cos datos facilitados polo SEPE, en primeiro lugar veremos que a taxa de cobertura a nivel estatal das prestación de desemprego é moi similar todos os meses do ano, cunha media anual do 73% de cobertura, superior á do ano 2023.

Se a análise a facemos en Galicia o comportamento e similar ao de España, chegando ao 73,1%, tamén superior a 2023.

Por sexos a taxa de cobertura a nivel estatal foi superior en homes co 80% en 2024 (75,7% en 2023) de media, fronte ao 68,3% (63,3% en 2023) das mulleres. En Galicia a taxa de cobertura por sexos foi 77% en homes e 70,2% en mulleres.

Cadro 11.7 Taxa de cobertura de prestacións de desemprego. España/Galicia 2024. En porcentaxe

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Media anual
Xaneiro/décembro España	73,9	73,2	70,4	69,6	69,4	70,9	75,6	76,5	70,6	72,2	76,3	787,1	73,0
	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Media anual
Xaneiro/décembro Galicia	75,3	74,6	71,7	71,5	70,7	70,6	74,3	74,5	68,5	71,4	75,0	78,8	73,1

Fonte: SEPE. Elaboración propia.

11.2. Fogasa

O Fondo de Garantía Salarial (Fogasa) é un organismo autónomo pertencente ao Ministerio de Traballo e Economía Social creado para garantir os créditos salariais en situacións de insolvencia da empresa.

O Fogasa regúlase polo Real decreto 505/1985, do 6 de marzo, polo que se establece a súa natureza, organización e funcionamento.

Están protexidas polo Fogasa as persoas traballadoras contratadas laboralmente, con independencia do tipo de empresa e contrato ou da relación laboral especial. Está incluído o persoal de alta dirección e as persoas suxeitas a prestación de servizos de carácter transnacional. Tamén están amparadas as persoas socias traballadoras de sociedades laborais que contén cun número de socias e socios superior a 25.

Están fóra do seu ámbito de protección as persoas ao servizo do fogar e as que ostenten cargos de conselleiros/as e administradores/as de sociedades mercantís capitalistas que non posúan o control efectivo, cando desenvolvan funcións de dirección e xerencia e sexan retribuídas por iso ou pola súa condición de persoas traballadoras.

Tampouco están no seu ámbito de cobertura as persoas socias traballadoras de cooperativas de traballo asociado ou explotación comunitaria da terra.

As prestacións económicas satisfeitas polo Fogasa teñen como finalidade:

- Garantir ás persoas traballadoras por conta allea o percibo dos salarios e as indemnizacións pendentes de pago como consecuencia de desequilibrios patrimoniais das empresas nos casos de insolvencia declarada e recoñecida xudicialmente, suspensión de pagos, quebra, forza maior ou concurso de acredores, derivadas de despedimento improcedente ou nulo, despedimento obxectivo ou extinción colectiva, extinción do contrato por vontade da persoa traballadora mediando causa xusta, así como extinción de contratos temporais nos casos que legalmente proceda.

Estas circunstancias deben ser recoñecidas por sentenza, auto, acta de conciliación xudicial ou resolución administrativa ou certificación da administración concursal, nos supostos de indemnización, ou por acta de conciliación xudicial ou administrativa, resolución xudicial ou certificación da administración concursal, nos supostos de salarios.

- Pagar directamente as seguintes indemnizacións, sen necesidade de declaración de insolvencia ou concurso:
 - . Empresas de menos de 25 persoas traballadoras, o 40% da indemnización legal, en caso de despedimento obxectivo ou extinción colectiva.
 - . Expedientes de regulación de emprego por causa de forza maior, cando a autoridade laboral acorde o pagamento parcial ou total da indemnización.

Tanto no conxunto do Estado coma en Galicia aumentaron levemente, con respecto ao ano 2023, o número de expedientes e de persoas beneficiarias das resolucións do Fogasa. A única leve baixada foi no colectivo de homes con 26 homes menos en Galicia.

En Galicia o aumento do número de persoas beneficiarias de prestacións do Fogasa foi en 2024 do 10%, con respecto a 2023.

A nivel estatal o aumento alcanzou o 8,6% no 2024.

Aínda que no total de Galicia prodúcese un incremento do número de persoas afectadas, se a análise a facemos por provincias, só se dá incremento en Ourense (167 persoas máis) e en Pontevedra (662 persoas máis). A Coruña descende en 251 persoas e Lugo en 194.

Cadro 11.8


Persoas afectadas por resolucións do FOGASA. Galicia. 2024

	Expedientes	Entidades	Persoas beneficiarias			
			Persoas beneficiarias ambos sexos ⁽¹⁾	Homes	Mulleres	Non constan
Galicia	3.928,0	1.139,0	4.026,0	2.094,0	1.826,0	106,0
A Coruña	1.300,0	544,0	1.372,0	655,0	678,0	39,0
Lugo	320,0	121,0	322,0	174,0	137,0	11,0
Ourense	304,0	101,0	309,0	176,0	106,0	27,0
Pontevedra	2.004,0	404,0	2.023,0	1.089,0	905,0	29,0

(1) a suma de varóns e mulleres non coincide con "Ambos sexos" porque éste inclúe os non clasificables por sexo.

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2024.



Como consecuencia do aumento das persoas beneficiarias e empresas afectadas, hai tamén un aumento dos importes dos salarios acordados en España así coma en Galicia.

No conxunto do Estado o aumento foi:

2024: mulleres 9,46% e homes 7,45%

Mentres que en Galicia a redución foi no grupo de homes con 2,58% menos, mentres que no grupo de mulleres o aumento foi do 39,7%.

Tomando como referencia as catro provincias galegas, obsérvase o descenso na Coruña e Lugo mentres que Ourense e Pontevedra aumenta.

Cadro 11.9
Importe dos salarios acordados segundo sexo, por provincia.
en miles de euros España/ Galicia. 2024

	Ambos sexos ⁽¹⁾	Homes	Mulleres
España	173.643,90	108.081,30	55.277,00
Galicia	9.740,30	5.512,40	3.987,50
A Coruña	3.316,30	1.977,40	1.254,80
Lugo	793,50	417,80	345,60
Ourense	774,30	440,60	275,60
Pontevedra	4.856,10	2.676,60	2.111,60

(1) a suma de varóns e mulleres non coincide con "Ambos sexos" porque éste inclúe os non clasificables por sexo.
Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social. Anuario estadística 2024.

Seguindo a tendencia do aumento do número de persoas beneficiarias e empresas en 2024, tamén aumentan os importes das indemnizacións acordadas a nivel estatal, mentres que en Galicia redúcense.

En España estes aumentos foron:

2024: mulleres 5,3% e homes 0,3%

En Galicia a redución foi tanto no colectivo feminino, coma no masculino:

2024: mulleres 11,6% e homes 39%

A nivel provincial e sen desagregar por sexo, os descensos danse en A Coruña e Lugo, mentres que experimentouse un aumento en Ourense e Pontevedra.

A REGULACIÓN DE EMPREGO E O FONDO DE GARANTÍA SALARIAL

Cadro 11.10

Importe das indemnizacións en miles de euros.España/ Galicia. 2024

	Ambos sexos ⁽¹⁾	Homes	Mulleres
España	3.312.645,70	181.724,30	117.489,40
Galicia	18.406,90	9.929,20	8.102,80
A Coruña	6.552,30	2.677,00	3.713,90
Lugo	1.538,60	879,60	621,70
Ourense	1.212,40	701,00	429,10
Pontevedra	9.103,60	5.671,60	3.338,10

(1) a suma de varóns e mulleres non coincide con "Ambos sexos" porque éste inclúe os non clasificables por sexo.

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social . Anuario estadística 2024

Nos cadros 11.11 e 11.12 pódese apreciar, desagregados por tipoloxía de salarios e indemnizacións, execucións laborais ou procedementos concursais, os importes acordados.

Cadro 11.11. Importe dos salarios segundo o motivo en miles de euros. España/ Galicia. 2024

	Total	Execución	Procedementos
España	173.643,90	118.372,50	55.271,40
Galicia	9.740,30	5.422,40	4.317,80
A Coruña	3.316,30	2.464,60	851,70
Lugo	793,50	331,50	462,00
Ourense	774,30	507,40	267,00
Pontevedra	4.856,10	2.119,00	2.737,10

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2024.

Cadro 11.12. Importe das indemnizacións por motivo da solicitude en miles de euros. Por provincias. 2024

	INDEMNIZACIÓNS			
	Total	Por impago empresa		Responsabilidade Fogasa
		Execución	Procedementos	
España	312.645,7	167.861,00	144.522,80	261,90
Galicia	18.406,90	8.674,40	9.372,50	0,00
A Coruña	6.552,30	3.443,50	3.108,80	0,00
Lugo	1.538,60	498,50	1.040,10	0,00
Ourense	1.212,40	610,10	602,30	0,00
Pontevedra	9.103,60	4.122,30	4.981,30	0,00

Elaboración propia.
Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social, avance Anuario de estadísticas 2024.